

**NOTA DE PRENSA**  
**PROGRAMACIÓN**  
**XANEIRO-ABRIL 2010**

Un percorrido polas actividades que terán lugar no MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, nos vindeiros meses: exposicións temporais, programa educativo, cursos para adultos, talleres de artista, actividades da Biblioteca-Centro de documentación, concertos e festivais, e actividades da Agrupación de Amigos, entre outros eventos.

**EXPOSICIÓNS TEMPORAIS**

---

**Primeiro andar**

**COUSAS QUE SÓ UN ARTISTA PODE FACER**

- 29 xaneiro - 2 maio 2010
- Comisarios: David Arlandis e Javier Marroquí
- Coprodución: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo / MEIAC, Museo Extremeño e Iberoamericano de Arte Contemporáneo, Badaxoz

Albert Camus dedicou un ensaio á figura mitolóxica de Sísifo como reflexo da condición absurda do home moderno, falando da confusión ou paradoxo entre o esforzo desmedido do traballo inútil e sen esperanza, e o posible goce. Na práctica artística contemporánea podemos atopar con facilidade a pegada deste paradoxo en artistas da última xeración.

‘COUSAS QUE SÓ UN ARTISTA PODE FACER’ xorde como parte dunha investigación que estuda a presenza do humor na arte contemporánea. O proxecto fixa a súa atención na aparición de certas actitudes artísticas nas que o humor se manifesta dun modo próximo ao absurdo. A exposición reúne traballos dunha serie de artistas que se empeñan en proxectos que han de implicar un grande esforzo. Un esforzo irracional e desproporcionado en relación cos resultados que se pretende obter, e que, a través do absurdo, mostra ese interese da arte actual por utilizar o humor como vehículo de expresión, ademais de resultar revelador sobre a evolución da figura do artista.

Que é o que os fai chegar a extremos nos que o absurdo e o humor poden máis que a razón práctica? Sen dúbida, unha nova actitude do artista, unha nova forma de enfrontarse á súa creación, e un xeito de situarse no mundo. Os artistas invitados a esta mostra comparten referentes artísticos, e sobre todo unha forma de traballar común. As pezas que se exhiben en salas son vestixios de accións, rexistros, documentación ou dispositivos que falan dos seus proxectos.

**ARTISTAS**

Julien Berthier, Gelitin, Piero Golia, Leopold Kessler, Yamashita+Kobayashi, Enrique Lista, Aleksandra Mir, Gianni Motti, Paola Pivi, Wilfredo Prieto, Tere Recarens, Xu Zhen

## Planta baixa

### **JORGE BARBI**

**41º 52' 59" latitude N / 8º 51' 12" lonxitude O**

- Ata o 14 febreiro 2010
- Dende o 6 de maio en CAM, Fundação Calouste Gulbenkian, Lisboa
- Comisario: Juan de Nieves
- Coprodución: Sociedad Estatal para la Acción Cultural Exterior de España, SEACEX / MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo / CAM Fundação Calouste Gulbenkian de Lisboa

Ata o 14 de febreiro continúa aberta ao público na planta baixa a mostra individual de Jorge Barbi (A Guarda, Pontevedra, 1950), comisariada por Juan de Nieves. A exposición baséase na idea do percorrido, do paseo, e da observación cotiá da natureza e as súas mutacións, como un extenso arquivo que o artista foi construíndo ao longo do tempo. O argumento creouse a partir de varias series de fotografías realizadas nos últimos anos, xunto cunha coidada selección de pezas anteriores, e novas producións específicas para esta mostra, intentando establecer novas lecturas do seu traballo.

### **CANDIDA HÖFER**

**Projects: Done**

**Unha exposición de Candida Höfer con Kuehn Malvezzi**

- 26 febreiro - 23 maio 2010
- Comisarios: Markus Heinzelmann e Doreen Mende
- Produción: Museum Morsbroich, Leverkusen, Alemaña

O 26 de febreiro inaugúrase na planta baixa a exposición individual da fotógrafa alemá Candida Höfer, unha das máis importantes representantes da Escola de Düsseldorf, que mostrará unha selección dos seus traballos dos últimos corenta anos nunha montaxe realizada polo prestixioso estudio de arquitectura Kuehn Malvezzi.

A exposición 'PROJECTS: DONE' inclúe obras de proxectos realizados por Candida Höfer entre 1968 e 2008. A fotógrafa, os arquitectos Kuehn Malvezzi —que deseñaron a montaxe en estreita colaboración coa artista— e os comisarios Markus Heinzelmann e Doreen Mende, fixeron da relación entre fotografía, arquitectura e presentación das obras o eixe central deste proxecto. O termo 'Project' [proxecto] enténdese aquí como unha forma de traballo que se desenvolve durante un período de tempo previamente establecido, e/ou que se completa —['Done']— unha vez conseguido o obxectivo formulado. Así, as obras seleccionadas para esta mostra ofrecen este risco distintivo respecto a outros traballos que poderíamos definir como actividade artística habitual.

---

## Espazo Anexo

### PUNTOS DE ENCONTRO V

#### JOSE DÁVILA

- 5 febreiro – 2 maio 2010
- Comisaria: Agar Ledo Arias
- Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Coa exposición do artista Jose Dávila (Guadalajara, México, 1974) conclúe o proxecto *Puntos de encontro/Meeting Points*, comisariado por Agar Ledo, responsable de exposicións do MARCO. Durante o ano 2009 e principios de 2010, cinco artistas —Pedro Barateiro, Manuel Eirís, Carlos Bunga, Nicolás Combarro e Jose Dávila— foron invitados a traballar *in situ* coa intención de establecer un diálogo entre o espazo de exhibición (a sala de proxectos ou Espazo Anexo) e o seu ámbito: a cidade de Vigo.

O proxecto de Jose Dávila achega novas ideas sobre a relación entre o museo e o contorno urbano. Trátase dunha escultura sen principio nin fin que se caracteriza pola súa espacialidade, ou tridimensionalidade, propoñendo ao espectador moverse dentro da obra mesma para poder captala totalmente. O espazo xerado deslízase fóra dos límites arquitectónicos, convertendo o Espazo Anexo nunha extensión da rúa e viceversa, xerando vida en lugar de referirse a ela.

A intervención de Dávila xorde dunha reflexión sobre a falta de continuidade que observou no urbanismo de Vigo, tras as súas estadías na cidade. Afonda no concepto de *site-specific*, xa que incorpora elementos propios do Espazo Anexo —columnas, muros e teito— como parte mesma da intervención, e refírese á idea de ruína ao simular unha planta dun edificio invisible, que é habitado polo paseante. A proposta preséntasenos como conclusión dalgunhas das preocupacións que o artista vén arrastrando na súa obra: a relación co lugar e o espazo; a combinación entre o movemento e as formas estáticas; a reprodución ata o infinito de formas modulares; a funcionalidade dos espazos construídos. A obra resultante xera un espazo novo no entorno ao converterse, por contaminación, en mobiliario urbano preparado para ser usado polo cidadán, elemento esencial de toda cidade.

## CONCERTOS E FESTIVAIS

---

### Festival SINSAL

#### Sinsal INVERNO

##### Eagle Twin + Sunn O))) (USA)

- 1 de febreiro, ás 20.30
- Salón de actos
- Producción: SinSalaudio
- Prezo: 15€

Sunn O))) é un grupo estadounidense de Drone Doom, fundado en 1998. A banda está conformada por Stephen O'Malley —quen participou en numerosos proxectos dentro deste estilo musical; entre outros, as bandas Khanate e Burning Witch— e Greg Anderson (Goatsnake). Usando as súas características carapuchas negras, crean atmosferas tan graves e escuras como a sala, un Sonar Hall cargado ademais dunha espesa néboa<sup>(\*)</sup>. Ese mesmo día estarán tamén presentes no MARCO os norteamericanos Eagle Twin, banda de rock contemporáneo procedente de Salt Lake City.

\* Por mor das frecuencias e volume de son do espectáculo de Sunn O))), recoméndase especialmente o uso de tapóns auditivos, así como evitar a asistencia ao concerto de persoas que poidan sufrir ansiedade. Sinsalaudio e o MARCO declinan calquera responsabilidade sobre posibles danos persoais derivados da asistencia a este espectáculo.

#### Sinsal PRIMAVERA

##### Sunburned Hand Of The Man (USA)

- 18 de abril, ás 20.30
- Salón de actos
- Producción: SinSalaudio

Mediante unha discografía tan inabarcable como disgregada, e uns directos virulentos, cáusticos e enfermizos, Sunburned Hand Of The Man converteuse no cabelo máis perversamente alucinado desa ensarillada melena que é o delicioso folk actual.

### ALT'10. Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo

- Datas en MARCO  
Xoves 11, venres 12 e sábado 13 de marzo  
Xoves 18 e venres 19 de marzo
- Lugar: salón de actos
- Organiza: Concellería de Cultura del Concello de Vigo, e Noescafé Teatro Asociación Cultural

No mes de marzo terá lugar a novena edición do ALT, Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo. A programación no MARCO terá lugar durante dúas fins de semana consecutivas, das cales a primeira estará dedicada ao especial Week-End de profesionais.

## DIDÁCTICA

---

O departamento educativo do MARCO continúa ofrecendo durante este cuadrimestre a súa programación habitual para **escolares** —visitas e talleres que nestes meses discorren en paralelo ás exposicións de Jorge Barbi e de Candida Höfer—, os talleres para **público familiar** as fins de semana, e os **cursos** de adultos 2009-2010, ademais doutras iniciativas como a experiencia de actividades para **adultos** en torno á exposición de Jorge Barbi, especialmente dirixida a grupos e asociacións, e o **taller** da artista Almudena Fernández Fariña.

### ‘CADERNO DE VIAXE’

Visitas e obradoiros para escolares e público familiar

[Actividade complementaria da exposición de **JORGE BARBI**]

A atenta mirada de Jorge Barbi sobre o seu contorno, a súa relación emocional coa natureza que o rodea, e os seus xogos de percepción, teñen o seu reflexo nas actividades programadas para esta tempada, que continúan ata a clausura da exposición, e que no caso do público escolar se deseñan especificamente para cada nivel educativo: ‘Pintando as ondas’ (Educación Infantil), ‘Gotas de luz’ (Primaria), ‘Palabras quebradas’ (Secundaria e Bacharelato).

### ‘CADERNO DE VIAXE’

Visitas e obradoiros para **escolares**

Para grupos de infantil, primaria, secundaria e bacharelato

- Ata o 12 de febreiro 2010
- Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)
- Horario: martes, mércores, xoves e venres de 11.00 a 13.30
- Previa cita nos tel. 986 113900/11

### ‘CADERNO DE VIAXE’

Obradoiros para **familias**

Para nenos/as a partir de 3 anos, sós ou acompañados de persoas adultas

- Ata o 14 de febreiro 2010
- Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)
- Horario: venres de 18.00 a 20.00; sábados e domingos de 12.00 a 14.00
- Entrada libre e gratuíta ata completar aforo

## DIDÁCTICA

---

### **'CATRO PAREDES E UN BANCO'**

Visitas e obradoiros para escolares e público familiar

[Actividade complementaria da exposición de **CANDIDA HÖFER**]

Dende finais de febreiro, as actividades para escolares e familias toman como base a exposición da fotografía alemá CANDIDA HÖFER. O programa, que ten como título xenérico 'Catro paredes e un banco', xira ao redor da fotografía como linguaxe artística, centrándose na visión e percepción do espazo, e na relación entre fotografía e arquitectura de interiores. Como sempre no caso do público escolar, as actividades están deseñadas para cada nivel educativo, con propostas específicas para Educación Infantil, Primaria e Secundaria/Bacharelato.

### **'CATRO PAREDES E UN BANCO'**

Visitas e obradoiros para **escolares**

Para grupos de infantil, primaria, secundaria e bacharelato

- Do 2 de marzo ao 21 de maio de 2010
- Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)
- Horario: martes, mércores, xoves e venres de 11.00 a 13.30
- Previa cita nos tel. 986 113900/11

### **'CATRO PAREDES E UN BANCO'**

Talleres para **familias**

Para nenos/as a partir de 3 anos, sós ou acompañados de persoas adultas

- Do 27 de febreiro ao 23 de maio de 2010
- Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)
- Horario: venres de 18.00 a 20.00; sábados e domingos de 12.00 a 14.00
- Entrada libre e gratuíta ata completar aforo

## **VISITAS E TALLERES PARA ADULTOS**

---

### **'PALABRAS QUEBRADAS'**

Visitas e talleres para grupos de adultos

[Actividade complementaria da exposición de **JORGE BARBI**]

Esta proposta específica de talleres para adultos, vinculada á exposición de Jorge Barbi, consiste nunha visita activa ás salas de exposición, seguida dun taller no que se propón un exercicio de creación de linguaxe a partires dunha das instalacións presentes na exposición, titulada 'Aquí dentro tampoco se desvela ningún enigma', que ofrece todo un xogo de matices característico da experiencia vital de Jorge Barbi e da su práctica como creador.

- Do 13 de xaneiro ao 11 de febreiro de 2010
- Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)
- Horario: martes, mércores e xoves, de 17.00 a 18.30
- Previa cita nos tel. 986 113900/11

### **TALLER DE ARTISTA**

#### **ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA. 'O que a pintura non é'**

Taller destinado a artistas, estudantes de BBAA e disciplinas afíns, e outras persoas interesadas

Este taller, dirixido pola artista viguesa Almudena Fernández Fariña, ten como obxectivo explorar os límites do que se definiu tradicionalmente como pintura. A tradición sustentou a categoría de pintura nunha serie de convencións ligadas a aspectos instrumentais (o pincel), procesuais (manualidade), materiais (pigmentos e aglutinantes), formais (soporte cuadrangular/bidimensional), e perceptivos (visión frontal/estática). Durante este taller teórico-práctico analizaranse e cuestionaranse ditas convencións, para comprender as aperturas e derivas na práctica pictórica contemporánea. Proporase un achegamento que traspase os límites do formato tradicional para reflexionar sobre a relación entre a pintura e o espazo que a contén. En canto aos destinatarios, preténdese que sexa unha experiencia na que teñan cabida persoas procedentes de Belas Artes e disciplinas afíns, e tamén outras persoas sen formación específica pero cun interese de partida nos temas a tratar.

- Do 12 ao 16 de abril de 2010
- Lugar: sala perimetral B1 (1º andar)
- Horario: de luns a venres, de 17.00 a 20.00
- Previa inscrición e matrícula (próxima convocatoria)

## **CURSOS PARA ADULTOS**

---

### **‘De Picasso a Hirst: 30 figuras da arte contemporánea’**

Ata a primeira semana de xuño continúan as sesións deste curso sobre artistas clave da segunda metade do século XX e inicios do XXI, con especial atención aos creadores actuais.

- Do 7 de outubro 2009 ao 2 de xuño de 2010
- Horario: mércores, de 18.00 a 19.15
- Docente: Ana Pereira Molares
- Salón de actos
- Previa inscrición e matrícula

### **‘A fotografía: historia doutra mirada’**

A partir da última semana de febreiro, comeza un novo curso cuadrimestral que ofrece unha análise da historia da fotografía, dende o seu nacemento ata as últimas tendencias.

- Do 24 de febreiro ao 2 de xuño de 2010
- Horario: mércores, de 19.30 a 20.45
- Docente: Ana Pereira Molares
- Salón de actos
- Previa inscrición e matrícula

## **BIBLIOTECA-CENTRO DE DOCUMENTACIÓN**

---

### **Mostra bibliográfica. ‘A Escola de Düsseldorf’**

Co gallo da exposición de Candida Höfer nas salas da planta baixa, a Biblioteca-Centro de documentación do MARCO prepara unha mostra bibliográfica que consiste nunha selección de catálogos individuais dos fotógrafos máis importantes da Escola de Düsseldorf, dirixida a usuarios e visitantes en xeral, e que permanecerá aberta ao público no horario habitual da Biblioteca durante todo o período de apertura da exposición.

- Do 26 de febreiro ao 23 de maio de 2010
- Biblioteca-Centro de documentación (1º andar)
- Horario: martes a venres, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00

## **AGRUPACIÓN DE AMIGOS DO MARCO**

---

Actividades exclusivas para membros da Agrupación de Amigos do MARCO

### **VISITAS GUIADAS**

#### **Visitas guiadas ás exposicións temporais do MARCO**

##### **'COUSAS QUE SÓ UN ARTISTA PODE HACER'**

- venres 29 de xaneiro, ás 19.00  
Visita á exposición guiada polos comisarios, David Arlandis e Javier Marroquí

##### **'CANDIDA HÖFER'**

- venres 26 de febreiro, ás 19.00  
Visita á exposición guiada polos comisarios, Markus Heinzelmann e Doreen Mende

#### **Percorridos ao aire libre: Coñeces a túa cidade, coñeces o teu contorno?**

- sábado 13 de marzo, ás 12.00  
Visita ao edificio da nova sede do Colexio de Arquitectos de Vigo, guiada por un arquitecto do COAG
- sábado 17 de abril, ás 11.00  
Visita á muralla do Casco Vello de Vigo, guiada por membros do Plan Comunitario del Casco Vello

#### **MARCO Extramuros**

Programa de visitas a galerías e centros de arte da cidade, guiadas por Amabel González Troncoso

- sábado 9 xaneiro
- sábado 6 febreiro
- sábado 6 marzo
- sábado 10 abril

### **ENCUNTROS E TALLERES**

#### **'Café Voltaire'**

Novo ciclo de encontros literario-gastronómicos con escritores, organizados en colaboración coa Fundación Carlos Casares, que terán lugar unha vez ao mes no MARCO restaurante&café.

- xoves 11 febreiro, ás 20.30\_ Manuel Gago
- venres 26 marzo, ás 20.30\_ Xavier Castro
- xoves 29 abril, ás 20.30\_ Yolanda Castaño

#### **Taller didáctico en torno á exposición de Jorge Barbi**

Visita e taller didáctico para fillos de Familias Amigas

- mércores 20 xaneiro, de 18.00 a 19.30

## VIAXES

### Excursión á Coruña

Visita á exposición 'De Picasso a Barceló. A Colección Mayoral' no Museo de Belas Artes, e ao MACUF

- sábado 16 de xaneiro

### Excursión a Santiago de Compostela

Visita ás exposicións temporais dos principais museos e galerías

- sábado 20 de febreiro

## OUTRAS ACTIVIDADES E SERVIZOS

---

### VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS

- Todos os días ás 18.00
- Visitas 'á carta' para grupos, previa cita nos tel. 986 113900/11

### MARCO restaurante&café

- Horario: luns a sábados de 11.00 a 21.00; domingos de 11.00 a 15.00
- Tel. +34 886 116 712
- [www.marcorestauranteycafe.com](http://www.marcorestauranteycafe.com)

### TENDA-LIBRERÍA 'PLAXIO'

- Horario: martes a sábados de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 20.30; domingos de 11.00 a 14.30
- Tel. +34 986 113 941
- [www.plaxiomarco.blogspot.com](http://www.plaxiomarco.blogspot.com)

---

Se desexa recibir máis información, diríxase a:  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento de Comunicación (Marta Viana ou Pilar Souto)  
R/ Príncipe nº 54  
36202 Vigo  
Tel. +34 986 11 39 08 /11 39 03 / 11 39 00  
Fax.+34 986 11 39 01  
Email: [marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com) [pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)